

Esta guía contén información básica sobre a UDC que debes saber

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Esta información facilitará o teu inicio na universidade e que coñezas un pouco a UDC aínda que somos moito máis. Se precisas ampliar a información podes contactar co persoal do **Servizo de Estudantes** que resolverá todas as túas dúbidas.



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

María José Lombardía, vicerreitora de
Estudiantes, Participación e Empregabilidade

Alén da formación académica, de grao, máster e doutoramento, impartimos formación complementaria en idiomas e outros recursos útiles para ti. Dispoñemos dunha oficina para a igualdade de xénero, ofrecemos múltiples actividades culturais, deportivas e relacionadas co medio ambiente, temos programas de voluntariado, cooperación, saúde... Aproveita todo o que temos mentres esteas aquí, estaremos encantados de que o fagas e sigas en contacto despois de titularte a través da asociación de antigo alumnado, Alumni UDC.

Conta con nós para todo aquilo que precises na túa estadía na UDC. Es unha parte fundamental da universidade, xa que non existiríamos sen o alumnado. Tes un peso moi importante á hora de decidir como ten que ser e podes exercer estes dereitos participando nos órganos de goberno: Claustro, Consello de Goberno ou xuntas de centro e de departamento. Implicate! Seremos unha **mellor universidade contigo!**

Deséxamoste que teñas **un curso extraordinario** no plano académico e persoal.



Índice

Benvinda

En contexto

Primeiros pasos na UDC

Vida no campus

En clase

Os teus dereitos e deberes

Participa no goberno da UDC

Bolsas, axudas e premios

Móvete polo mundo!

E despois que?

Oferta académica

Comunícate!

Plans que non podes
perder na UDC

Plans que non podes
perder fóra da UDC

Benvido, benvida á Universidade da Coruña

Julio Abalde Alonso, reitor

Como reitor quero darche as grazas por elixires a Universidade da Coruña para desenvolver aquí a túa etapa de formación universitaria. **Esta será unha fase da túa vida fundamental e queremos formar parte activa dela.**

Comezamos un novo curso no que non estarás só. Ademais dos preto de 20.000 estudantes, estarás arroupado por 1.440 docentes e 775 persoas traballadoras de administración e servizos. Todos e todas queremos que **desfrutes da túa estadia na Universidade**, que aproveites o teu tempo de formación para desenvolver as túas capacidades e competencias que **marcarán a túa vida futura.**



O impacto da universidade na sociedade avalíase a miúdo en forma de resultados económicos, moi salientables sen dúbida, xa que o impacto das universidades públicas españolas na economía se cifra no 2,2% do produto interior bruto (PIB), multiplicando por cinco cada euro investido nelas.

Son datos moi importantes, pero falan só do que sucede cando o alumnado está na universidade. Eu tamén quero subliñar o grande impacto que a universidade ten desde un punto de vista social. O feito de que un determinado territorio se beneficie de ter no seu haber titulados superiores, capaces de faceren avanzar económica, social e culturalmente, un país.

Neste sentido, estamos seguros de ter contribuído ao avance da sociedade galega cos **máis de 95.000 mozos e mozas que se titularon nesta universidade** desde a súa creación hai 34 anos.

Aquí comeza o teu futuro.

Como estudante, anímote a aprobeitares a túa estadía connosco para formarte e participar na vida universitaria en toda a súa extensión.

Desde xa, formas parte da comunidade UDC!



[Voltar ao índice](#)

UDC en contexto

20.000
alumnos aprox.

Estudiantado

1.440
persoal
docente e
investigador

PDI


PAS

775
persoal de
administración
e servizos



47
graos

59
másteres



39
programas de
doutoramento

23
centros

128
grupos de
investigación

168
millóns de euros de
orzamento en 2023



[Voltar ao índice](#)

Onde está...?

A Universidade da Coruña ten campus nas cidades da Coruña e Ferrol e no concello de Oleiros.



[Localización](#)



[Centros](#)



[Departamentos](#)



[Servizos](#)



[Voltar ao índice](#)

Como chegar

Autobús

Tarxeta Millenium

Permite en xeral obter **descontos nos autobuses urbanos da cidade da Coruña**. Os universitarios que usen a Tarxeta Millenium nas liñas de bus urbano UDC, 24 e 2A, para os desprazamentos aos campus de Elviña, A Zapateira e Oza terán unha **tarifa plana** de 0,21€/viaxe. Solicítase nas oficinas municipais do Ágora, Estación de Autobuses ou Pazo de María Pita. **Débese solicitar cita previa:**

Seleccionar o trámite "**Tarxeta Millennium**" / "**Alta Nova**"



Cita previa



Tarxeta Xente Nova

Coa tarxeta de Transporte Metropolitano "Xente Nova" os menores de 21 anos poderán viaxar gratis no transporte público interurbano das áreas da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo. Expedida por Abanca. **Deberás solicitar cita:**



Cita en abanca

Tarxeta TMG

A Tarxeta de Mobilidade de Galicia (TMG) pódese utilizar no transporte urbano e interurbano de Galicia.



Tarxeta TMG



Outros descontos

As seguintes empresas de transporte ofrecen abonos ou descontos nas súas tarifas:

Monbus dispón de tarxetas e bonos de viaxe cos que poderás aforrar ata un 75% da tarifa habitual dunha determinada ruta.



Descontos de Monbus

Arriva ofrece tarxetas e bonos de viaxe con diferentes descontos.



Descontos de Arriva

Alsa Cal Pita aplica un desconto do 50% sobre as tarifas dos seus billetes e bonos.



Descontos de Alsa Cal Pita

Ademais os **concellos de Ferrol, Narón e Fene** ofrecen axudas ao transporte universitario.



Bicicleta

Préstamo de bicicletas UDC

A Oficina de Medio Ambiente (OMA) da UDC conta cun servizo de préstamo de bicicletas nos campus da Coruña e Ferrol.



Bicicletas UDC

Os concellos da Coruña e Ferrol dispoñen tamén dun servizo de préstamo de bicis.



Bicicoruña



Biciferrolterra

Tren

Renfe ofrece un bono de transporte gratuíto para viaxeiros frecuentes.



Abono Renfe



Voltar ao índice

Primeiros pasos



1

Crea a túa conta de usuario

No momento de faceres a matrícula facilitóuseche un código alfanumérico de activación de servizos. Ese **código será imprescindible** para poder crear a túa conta de usuario e realizar calquera xestión como membro da comunidade a través dos servizos web que ofrece a UDC:

- Dispoñer da túa conta de correo.
- Consultar o teu expediente académico ou os pagamentos da matrícula.
- Acceder ao material académico que o profesorado poña a disposición do estudantado no Campus Virtual ...



As notificacións oficiais chegaranche ao teu correo electrónico da UDC, polo que non deixes de consultalo. Se esqueces o teu contrasinal podes solicitar un novo na administración do teu centro de estudos, tras acreditar a túa identidade. Lembra que debes cambiar o contrasinal cada ano por cuestións de seguridade.



2

Conéctate á wifi da UDC

Para ter acceso á wifi da UDC nos teus dispositivos podes facelo de dous xeitos:

- Conectarte a **EDUROAM**, a opción máis recomendada xa que ofrece unha conexión segura e permite utilizala aos usuarios que se despracen a outras universidades adheridas ao programa. Para poder configurala, tes que descargar a **app Geteduroam** e unha vez descargada, debes escoller a Universidade da Coruña e acceder co teu usuario e contrasinal.
- Conectarte a **UDCPORTAL**, que non require configuración especial nin instalación de software de seguridade, pero é menos segura. Neste caso igualmente terás que introducir a túa conta de usuario e contrasinal.



3

Solicita a Tarxeta Universitaria de Identificación (TUI)

A TUI é unha tarxeta dixital intelixente, realizada en colaboración co Santander, que te identifica como estudante. Con ela:

- Terás o **carné de estudante**.
- Accederás ao **préstamo bibliotecario**.
- Poderás **acceder a algunhas instalacións universitarias** como as deportivas e aulas de estudo.
- Conseguirás descontos nalgúns comercios.
- Recibirás información de bolsas e axudas, de cultura, deporte ...




[Solicita a tarxeta](#)



[Voltar ao índice](#)

Vida no campus



Deporte

“Mens sana in corpore sano”. A UDC ofrece múltiples opcións deportivas: ximnasios, actividades dirixidas, campionatos e ligas universitarias galegas e estatais, pistas de tenis, pádel, estadio universitario...

Saca o teu **Abono Deporte** e Non pares!

Se es **Deportista de Alto Nivel** (DANUDC) queremos axudarche a compatibilizar estudos e deporte.



Solicitud DANUDC





Cultura

A cultura defínenos como persoas, por iso desde a UDC promovémola en todos os seus ámbitos: **teatro, exposicións en NORMAL, artes vivas, música, danza, coro universitario, cursos e obradoiros**. Temos moito que ofrecerche!



Cooperación e voluntariado (OCV)

Queremos contribuír a ter un mundo mellor, máis solidario e comprometido. Se ti tamén es así, **canaliza as túas inquedanzas** a través da Oficina de Cooperación e Voluntariado.



Medio ambiente (OMA)

Coidar do medio ambiente é coidar de nós mesmos. Na Oficina de Medio Ambiente atoparás **múltiples iniciativas** para axudar a ter un planeta máis sustentable. Súmate!






Aloxamento

Unha das opcións de aloxamento é solicitar praza nalgunha das **residencias universitarias públicas da UDC**, a **Residencia de Estudiantes Elvira Bao** na Coruña e a **Residencia Universitaria de Ferrol**.


Comedores

Nos distintos centros da UDC hai servizo de **comedor con prezos reducidos**. No campus de Ferrol hai un comedor común a todos os centros no Centro Cultural Universitario. Ademais, a UDC convoca as **bolsas de comedor** dotadas dunha contía de 500 euros que se abonarán nun único pagamento.



Voltar ao índice

En clase



Calendario académico


Descarga o calendario académico. Ademáis na páxina web do teu centro atoparás información de horarios e calendario de exames.



Plan de acción tutorial (PAT)


Desde que comezas os estudos podes contar cunha persoa de referencia (titor/a e, nalgúns centros, tamén alumno/a mentor/a) que ten como misión informarte, apoiarte e orientarte en distintos ámbitos: académico, administrativo, profesional, persoal e social. Na web da túa escola ou facultade atoparás máis información sobre o PAT da túa titulación.






Campus virtual

Facilita a comunicación entre o profesorado e o alumnado. O **Moodle** é a plataforma virtual docente da UDC á que poderás acceder coas túas credenciais de usuario e obter recursos para a formación, tales como apuntamentos, prácticas, e demais material docente.



Secretaría Virtual

Facilítache o acceso ao teu expediente académico e aos teus datos persoais. Durante o período de matrícula, podes utilizala para levar a cabo a automatrícula.




Axuda TIC

Contacta con Axuda TIC para solucionar calquera incidencia ou dúbida en temas TIC .



Office 365 na UDC

Como estudante da UDC tes acceso á descarga do paquete de aplicacións de Microsoft Office 365, que inclúe a última versión de Word, Excel, PowerPoint, Outlook, Forms, etc.; e Office Online para traballar de forma cooperativa e desde calquera lugar. Ademais dispós de 1 terabyte de almacenamento en OneDrive.



[Descarga Office 365](#)

Microsoft Teams

É unha ferramenta de mensaxaría e videoconferencias de Microsoft 365. Pódese utilizar en múltiples dispositivos de xeito simultáneo e convén ter instalada a aplicación.

O seu sistema conta co directorio de persoas da comunidade universitaria e dispón de múltiples funcionalidades.





Bibliotecas

O Servizo de Biblioteca da Universidade da Coruña xestiona máis dun millón de títulos impresos e dixitais e dá acceso a 59 bases de datos que dan soporte ao estudo, á docencia e á investigación.

A sede da Biblioteca Central está no Edificio Xoana Capdevielle e hai **16 bibliotecas** repartidas polos campus da Coruña e Ferrol cun total de 3.473 postos de lectura.



Salas de Estudo

Se che gusta estudar en compañía acude a unha das salas de estudo da UDC. En total son 1.698 postos repartidos A Coruña e Ferrol.

As salas de estudo teñen **horarios especiais** en épocas de exame. Consulta os horarios e as **normas de uso**.





Centro de Linguas


Imparte cursos de **inglés, francés, alemán, italiano e portugués** nos campus da Coruña e Ferrol. Tamén ofrece cursos de **español** dirixidos ao estudiantado de mobilidade internacional. No Centro de Linguas tamén poderás obter **acreditacións oficiais** en inglés (ACLES, IELTS e APTIS)



Normalización Lingüística

O Servizo de Normalización Lingüística ofrece **asesoramento lingüístico, formación** en lingua galega, **axudas** para a realización en galego de traballos de fin de grao, de fin de máster ou de doutoramento, ademais de organizar diferentes **actividades** de promoción de uso do galego na UDC.





CUFIE

O Centro Universitario de Formación e Innovación Educativa (CUFIE) organiza cursos e obradoiros para **potenciar e mellorar as túas habilidades** académicas e persoais.

Entre outros, atoparás cursos para optimizar os traballos en grupo, a xestión eficaz do tempo, técnicas de estudo, deseño e creación dunha presentación multimedia atractiva, técnicas de relaxación e saúde ou formación en novas ferramentas informáticas.

Servizo de reprografía

Para imprimir ou fotocopiar traballos e apuntamentos podes ir aos servizos de reprografía:

- A Zapateira: **Facultade de Ciencias**
- Elviña: **Facultade de Economía e Empresa e Facultade de Ciencias da Educación**
- Ferrol: **Centro Cultural Universitario**

Tamén podes enviar os teus traballos a través **dun formulario electrónico.**



Formulario




Voltar ao índice

Os teus dereitos e deberes

No Estatuto do Estudiante Universitario estatal recoñécense os dereitos e deberes do estudiantado das universidades españolas.

Estatuto do Estudiantado da Universidade da Coruña

A persoa encargada de velar polo respecto dos dereitos e as liberdades da comunidade universitaria con total independencia e a Valedora Universitaria. Se o necesitas, podes contactar con ela.



Valedora Universitaria

Se tes algún problema académico, fálao primeiro co profesorado implicado. Se persiste o problema, podes acudir ao decanato da túa facultade ou á dirección da túa escola.



Normativa vixente en materia de estudantado e xestión académica:



Normativa académica



Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións



Normativa de dedicación ao estudo e a permanencia na UDC




Normativa de atención á diversidade



Normativa de estudantes

Avaliación docente

Ao remate de cada cuadrimestre poderás avaliar a docencia recibida en cada materia. Faino! É importante saber a túa opinión para poder mellorar! Para acceder, preme na seguinte ligazón:




Avaliemos



Seguro escolar

Ao matricularse nunha titulación oficial da Universidade da Coruña **contas coa prestación dos seguintes seguros** de asistencia:

- **Seguro escolar obrigatorio:** págase coa matrícula, para o alumnado menor de 28 anos.
- **Seguro Cum Laude (Hac Luce Accidentes):** obrigatorio para maiores de 28 anos e para o alumnado que realiza prácticas académicas externas, actividades deportivas, culturais e sociais; e voluntario para o resto de alumnado.
- **Seguro Hac Luce Mobilidade:** para o alumnado que viaxa ao estranxeiro mediante un programa de intercambio internacional.
- **Seguro Hac Luce Pinchazos:** (complementario ao seguro Cum Laude) para alumnado de Enfermaría e Podoloxía.



Máis información





Atención á Diversidade

A Unidade de Atención á Diversidade (ADI) facilita e promove a plena integración do alumnado que presente algún tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial e/ou con necesidades específicas de apoio educativo.



Colectivo LGTBIQ+

O Servizo de Atención ao Estudiantado, Profesorado e Persoal de Administración e Servizos LGTBIQ+ vela polos dereitos de toda a comunidade educativa que, por razóns de identidade ou expresión de xénero, poden precisar de acompañamento ou apoio.






Igualdade de Xénero

A Oficina para a Igualdade de Xénero ten como misión velar polo cumprimento do principio de igualdade entre mulleres e homes coa finalidade de acadar a plena incorporación das mulleres á vida política, cultural e científica no seo da UDC.

Na UDC está implantado un **Plan de igualdade entre mulleres e homes** e mais un **Protocolo fronte ao acoso sexual**.



Programa Afrontemos


Servizo de atención psicolóxica en liña ou presencial para membros da comunidade UDC e as súas familias. Podes solicitar cita chamando ao teléfono 646 102 004 ou a través do correo **interfam@udc.es**



Ciberseguridade

A Universidade da Coruña ten un compromiso decidido coa mellora constante na xestión dilixente da información que manexa.

Queremos ter un contorno dixital seguro para evitar ataques de ciberdelincuentes.



Información e consellos

Urxencias e emerxencias

Para urxencias e emerxencias en materia sanitaria, extinción de incendios e salvamento, seguridade cidadá e protección civil. Está dispoñible 24/7. Sen custo para o usuario.

Chama ao 112

Número único de emerxencias para Europa



Voltar ao índice

Participa no goberno da UDC

A Universidade ten unha estrutura de goberno complexa, pero moi **participativa** de toda a comunidade universitaria: profesorado, **alumnado** e persoal de administración e servizos.

O reitor ou reitora preside o goberno da UDC, xunto co seu equipo formado por vicerreitorías, a Secretaría Xeral e a Xerencia. O/A reitor/a é a máxima autoridade académica da Universidade. É elixido/a por toda a comunidade universitaria.



Goberno da UDC

Na UDC damos un peso moi importante á **participación do estudiantado nos órganos de goberno**: Claustro, Consello de Goberno, xuntas de facultade e escola, consellos de departamento, etc. Por iso queremos que te implique e **nos axudes a facer unha universidade mellor**.

As **facultades** están dirixidas por un/unha **decano/a**, elixido/a en xunta de facultade, que conforma o seu equipo decanal.

As **escolas** están dirixidas por un/unha **director/a**, elixido/a en xunta de escola, que conforma o seu equipo directivo.



Portal de participación

Se tes algunha idea, proposta ou debate para mellorar a universidade envíanolas a través do portal de participación.



Asociacionismo universitario


A UDC conta con varias **asociacións promovidas polo alumnado**. Podes sumarte a algunha ou crear unha nova. Ademais, nos centros hai **delegacións de estudantes** cos que podes contactar se tes algunha inquedanza ou proposta que expoñer.



[Voltar ao índice](#)

Bolsas, axudas e premios


A UDC destina cada curso máis de 1,3 millóns de euros en **bolsas e axudas** para que estudar non supoña un problema económico. Consulta a información tanto das **bolsas propias da UDC** como doutras entidades.



Consulta as bolsas

Se es solicitante da bolsa do Ministerio, lembra que debes ter enviado o xustificante da solicitude á Sección de Bolsas da UDC (bolsas@udc.es)

Premios Excelencia á mellor nota de admisión nos graos. Para o alumnado de primeiro curso que se matricula por primeira vez nas titulacións oficiais de grao e programas de simultaneidade de graos dos centros propios da UDC.



Consulta os premios



[Voltar ao índice](#)

Móvete polo mundo!



Oficina de Relacións Internacionais

Se queres ter unha experiencia internacional, na **Oficina de Relacións Internacionais** informante de todas as opcións para realizar parte da túa carreira nunha universidade estranxeira, como Erasmus ou a través doutros programas de intercambio.



Intercambio bilateral

Son estadias fóra do programa Erasmus **con fins de estudo en calquera universidade do mundo** co que exista un convenio de intercambio bilateral. A Universidade da Coruña conta con bolsas propias para o estudiantado de intercambio bilateral.





Erasmus+

Existen dúas modalidades:

- Erasmus con fins de estudo, para realizar parte dos teus estudos noutra universidade ou institución coa cal exista un acordo Erasmus.
- Erasmus prácticas, para o alumnado que aínda non rematou os seus estudos ou que se acaba de titular.



International Summer School (ISS)

Queres aproveitar parte do teu verán aprendendo algunha materia da túa carreira en inglés?


Practicarás o idioma con **profesorado e alumnado estranxeiro**.



Movilidad en España


Se prefires moverte dentro de España, e estudar parte da túa titulación sen saír do país, o teu programa é o Sicue.






Bolsas para plurilingüismo


Consulta as convocatorias de bolsas para mellorar as túas competencias lingüísticas.



A UDC impulsa a incorporación de docencia en inglés en diferentes titulacións.



Graos con clases en inglés



Graos e másteres internacionais



Voltar ao índice

E despois que?

Unha boa formación é unha garantía de futuro laboral. Na UDC **temos os índices de emprego máis altos** de Galicia e superiores á media estatal.

Na UDC contas cun activo servizo de emprego para axudarche a mellorar a túa empregabilidade con formación e asesoramento.

Ademáis organizamos unha feira de emprego para favorecer o contacto entre os titulados da UDC e o sector empresarial.



UDC emprego





Viveiro de empresas UDC

Se tes unha **idea empresarial innovadora**, a UDC pon á túa disposición o **Viveiro de Empresas**. Poderás desenvolver o teu proxecto empresarial con asesoramento para facilitarche a entrada no mercado. **Máis de 50 empresas pasaron xa por este espazo!**



Alumni UDC

O teu paso pola Universidade non remata coa consecución do título. Podes seguir vinculado/a á UDC integrándote na asociación de antigo alumnado Alumni UDC. **Queremos seguir en contacto contigo!**



Voltar ao índice

Oferta académica

Os estudos oficiais universitarios estrutúranse en tres niveis: **grao**, **máster** e **doutoramento**. Consulta os que temos na UDC.



Graos



Másteres



Doutoramento

Ademais na Universidade da Coruña **ofrecemos estudos propios** polos que obterás títulos e diplomas exclusivos desta universidade, que non teñen carácter oficial.



Estudos Propios



Voltar ao índice

Comunícate!

O Servizo de Estudantes é o teu punto de referencia. Ofreceranche información sobre o acceso á universidade, **bolsas, axudas e premios, aloxamento, transporte, asociacionismo...**

Todo o que precises na túa estadía na UDC!



A UDC conta con diversas canles para que toda a comunidade universitaria estea ao día do que pasa nos seus campus. De forma xeral, atoparás información no noso sitio web **www.udc.gal** pero tamén podes seguir a actualidade nas contas oficiais da UDC.



[Twitter](#)



[Facebook](#)



[Instagram](#)




[Linkedin](#)



[YouTube](#)

Descarga a **app da UDC**. Ademais de incluír a túa tarxeta virtual (TUI) terás a UDC na túa man!




[Android](#)



[App Store](#)



[Voltar ao índice](#)



E para rematar...


10 Plans que non te podes perder na UDC



1. Ve á **Xornada de Benvida á UDC** o día 21 de setembro. No estadio “Mariña Dourada” no campus de Elviña da Coruña e na praza de Humanidades en Ferrol.
2. Pásate polo **Espazo de Intervención Cultural NORMAL** para ver algunha exposición ou participar nalgunha das actividades que se organizan.
3. Insíbete nun **curso** de teatro, danza, música, fotografía, club de lectura...
4. Apúntate ao **coro universitario**.
5. Defende o escudo da UDC! Participa nas **competicións deportivas** galegas e estatais.
6. Faite **voluntario ambiental** e participa nalgún dos proxectos que se ofrecen no programa de voluntariado da UDC.
7. Xoga coa nosa **escape room** dos ODS.
8. Celebra con nós o **Día das Letras Galegas**.
9. Participa nalgún dos actos de **divulgación científica**, como o festival internacional **Pint of Science Festival**.
10. Apúntate á **International Summer School**.



Voltar ao índice



10 Plans que non te podes perder fóra da UDC



Na zona da Coruña

1. **Percorre o paseo marítimo** e visita a Torre de Hércules, o faro romano en funcionamento máis antigo do mundo.
2. **Pasea polos Cantóns**, a Mariña... **Descubre a Cidade Vella** e toma algo nas terrazas da praza de María Pita, o corazón da zona histórica da Coruña.
3. **Sube ao monte** de San Pedro para contemplar as mellores vistas da cidade.
4. **Visita o castelo** de Santo Antón, antiga fortaleza declarada Monumento Histórico Artístico que acolle o Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña.
5. Contempla o **solpor** desde O Portiño.
6. **Vai de tapas** pola zona vella da cidade, onde se atopan as que moitos consideran as mellores rúas de tapas de Galicia, como a da Barreira ou a da Estrela.
7. **Practica deportes urbanos** nas Naves do Metrosidero.
8. **Fai surf** nas praias do Orzán ou Bastiagueiro.
9. Apúntate a unha **visita guiada** e gratuíta ao Castro de Elviña.
10. **Visita** algún dos interesantes museos da cidade, como o Museo Nacional da Ciencia e Tecnoloxía de España.



Na zona de Ferrol

1. **Coñece o Ferrol** da Ilustración e da un paseo polo barrio da Magdalena cunha das rutas do Modernismo.
2. **Visita o barrio** de Canido e as súas Meninas.
3. **Fai surf** nalgunha das súas praias: Covas, Doniños, San Xurxo, Valdoviño, Pantín... Tes moitas onde escoller!
4. **Vai en barco** desde Ferrol a Mugardos e proba o polbo á mugardesa. Desde alí, podes facer un roteiro de sendeirismo para coñecer o castelo da Palma.
5. **Tómate un respiro entre a natureza** das Fragas do Eume.
6. **Descubre a Fervenza** do río Beelle e visita os castelos medievais de Moeche e Narahío.
7. **Visita** a vila de Ares, coa vila mariñeira de Redes, as baterías militares de Chanteiro e Cervás e o mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.
8. Vai a Santo André de Teixido e **descubre os cantís** de Vixía da Herbeira, os máis altos da Europa continental.
9. Saca unha foto no banco de Loiba, **o banco máis bonito do mundo**, en Ortigueira.
10. **Fai un roteiro** para coñecer Estaca de Bares, que é o punto máis ao norte de península Ibérica, e cabo Ortegal, onde se unen o mar Cantábrico co océano Atlántico.



Voltar ao índice

www.udc.gal



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



[Voltar ao índice](#)